


súas manifestacións, ao control social efectuado desde a Sección Femenina ou a aspectos relacionados coa ruptura silenciosa.

Sinalan os editores a perentoria necesidade actual de poder dispoñer dunha crítica visión histórica xeral sobre a problemática e o desenvolvemento da educación durante o primeiro franquismo, co desexo ademais de que o campo e as realidades da Educación “entren a formar parte das facetas da realidade que os historiadores xerais manexan para a comprensión, neste caso, do réximen franquista” (p. 19).

O conxunto do texto, coas súas varias achegas, e co seu rico caudal de notas e de referencias críticas, vén ofrecer pois un panorama amplo e valioso sobre o negativo significado escolar, pedagóxico e educativo do franquismo, a ter necesariamente en conta.

Antón COSTA RICO
USC



VARELA IGLESIAS, M. (2015): *Colegios, Cátedras y Escuelas. Vigo (1803-1929). Las primeras instituciones educativas.* Vigo, Instituto de Estudios Vigueses. 441 p.

Malia que existen xa desde mediados do século XIX estudos e crónicas de diversa natureza referidos a Vigo e a súa contorna, nos que se recollen diferentes aspectos especialmente vinculados á historia local (literatura, toponimia, arte, etnografía, arquitectura, arqueoloxía, mundo xurídico) e de que os devanditos estudos son relativamente coñecidos, hai un campo no que a cidade aínda carece de suficiente información contrastada sobre a súa historia. Referímonos aos estudos e investigacións sobre a súa historia educativa. Ao caso, quizais sexa oportuno sinalar que a cidade que hoxe coñecemos era antes de

1870 unha modestísima vila, sendo a partir desa década cando comeza a rexistrarse o seu importante crecemento.

E este baleiro veu enchelo, en moitas das súas partes, o recente traballo da profesora Miriam Varela Iglesias. Traballo que, baixo o título *Colegios, Cátedras y Escuelas. Vigo (1803-1929). Las primeras instituciones educativas*, é o resultado en edición impresa da súa Tese de doutoramento, dirixida por Antón Costa e defendida en xullo de 2013; cuxa edición, que agora presentamos, correu a cargo do Instituto de Estudos Vigueses (<http://www.ievigueses.com/>).

Colegios, Cátedras y Escuelas é un texto valioso e necesario, polo que ten de novedoso no panorama histórico-educativo local e porque ilumina críticamente un espazo, ata este momento apenas explorado por incursiones procedentes do ámbito xornalístico. Miriam Varela ofrécenos un traballo documentado de acordo co que permitiron as fontes escritas locais, sistemático e rigoroso, no que se advirte a orientación do profesor Antón Costa.

Estrutúrase en tres grandes bloques precedidos dun prólogo, e un apartado introdutorio realizado pola autora. No primeiro bloque, "Contexto educativo e social", Miriam Varela dedica unha primeira parte á análise xeral do panorama educativo na España decimonónica (tempo no que se contextualiza temporalmente a investigación), nos seus niveis primario e secundario, con especial atención á situación de Galicia e ao contexto histórico da cidade nesa época. Nun segundo bloque, "Institucións educativas na primeira metade do século XIX", a autora realiza un percorrido

polo panorama institucional máis xeneralizado con respecto á cidade de Vigo, cuxo espazo ocuparon as escolas de primeiras letras e as cátedras de latín e humanidades.

Para rematar, nun terceiro bloque, "Desenvolvemento educativo na segunda metade do século XIX: a diversificación institucional" abórdase a análise sobre a incipiente conformación dun sistema público de ensino, primario e secundario, tomando como base os informes de inspección educativa e as estatísticas escolares e locais. Acaba o traballo cun apartado de Conclusións, e os necesarios espazos dedicados a Anexos, Fontes de documentación e Bibliografía.

Tal como conclúe Miriam Varela, a transformación económica que experimentou a cidade de Vigo viuse reflectida tamén no panorama educativo, a través da consecuentemente evolución no número, tipoloxía e calidade das institucións, tanto de carácter inicialmente privado, como máis tarde público, e que se manifestou dun modo máis intenso cara a finais do XIX. Con todo, este traballo tamén deixa patente que o panorama educativo vigués caracterizouse durante ese tempo pola modestia das súas institucións e a precariedade das súas instalacións e medios; un panorama acorde co espertar dunha pequena vila de pescadores, en nada comparable aos casos de Ferrol e A Coruña, cuxa evolución, tamén no seu aspecto educativo institucional, xa viña marcada bastantes décadas atrás.

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
UDC